

## Tema 21

### O franquismo

#### As forzas de oposición ó réxime.

##### A OPOSICIÓN Á DITADURA

---

Desenvolveuse clandestinamente todo ao longo do período franquista, integrada por un amplo espectro de correntes: o movemento obreiro, nacionalistas periféricos e sectores democráticos de diversa orientación. De todas elas, a máis activa foi sempre o *Partido Comunista* (PCE). Podemos distinguir tres etapas ben diferenciadas:

##### OS ANOS 40: REPRESIÓN, EXILIO E GUERRILLA

---



Mulleres suplican aos miiatres rebeldes pola vida dos seus familiares

Ao remate da guerra o réxime de Franco puxo en práctica unha **durísima represión** sobre os vencidos, evidenciando o seu nulo interese por levar a cabo unha reconciliación nacional e utilizando os métodos represivos como medio de escarmento destinado a anular calquera tipo de disidencia. Unha serie de disposicións legais penalizaron os actos e as opinións dos vencidos, considerándoos como os verdadeiros responsables

da guerra. Os cárceres ategáronse de xente (máis de 200.000 presos ao remate da guerra) e milleiros de persoas foron condenadas a morte en xuízos militares. A administración pública, e incluso algunhas empresas privadas, foron *depuradas* de todos aqueles sospeitosos de ter simpatizado coa causa republicana.

Nestas condicións, moitos españois tiveron que marchar cara o **exilio**. Preto de medio millón de persoas abandonaron o país nos momentos finais da guerra, aínda que a maioría tornarían logo e moitos deles serían procesados polos tribunais franquistas. Xunto ao Goberno republicano -que mantería a súa existencia formal ata os anos 70- marcharon definitivamente milleiros de profesionais, obreiros, intelectuais... Os destinos preferentes foron *Francia* -onde moitos dos exiliados se incorporaron á Resistencia durante a II Guerra Mundial- e *Latinoamérica*, en particular *México* -onde os republicanos españois realizaron unha notable contribución ao desenvolvemento cultural do país.

No interior, os partidos e sindicatos que apoiaran á Fronte Popular foron desarticulados e aqueles que intentaron reorganizalos caeron, na súa maioría, nas mans da policía franquista e foron encarcerados ou executados. O único grupo que logrou recompoñer unha feble infraestrutura foi o PCE. O PCE foi o principal impulsor e organizador da guerrilla, aínda que nela incluíanse tamén militantes doutras ideoloxías (socialistas, anarquistas...) En distintas zonas montañosas da península organizáronse

agrupacións guerrilleiras -entre as que salientou a IV Agrupación con base en Galicia e León (Francisco Rei foi o seu último xefe)-, integrando a aqueles que fuxiran ao monte durante a guerra. A guerrilla realizou actos de sabotaxe e atentados contra os representantes das institucións franquistas, e mesmo intentou unha invasión frustrada desde Francia a través do *Val de Arán* (1944) cun pequeno exército duns 4.000 guerrilleiros. Pero a modificación das circunstancias internacionais levou ao PCE a desmantelar a guerrilla en 1948. Algúns grupos subsistiron pero foron esmorecendo axiña. En Galicia, o apresamento e posterior execución do mítico "Foucellas" (1952) marcou a fin desta forma de loita.

## **OS ANOS 50: UN PUNTO DE INFLEXION NA ACTIVIDADE DA OPOSICIÓN**

---

A partir de entón, a oposición interior gañou peso fronte ao exilio, o referente republicano foise perdendo e incorporáronse novos sectores que non tiñan vivido a guerra. Con todo, tendeu a actuar desunida e nunca foi capaz de articular unha alternativa viable ao franquismo. Neses anos producíronse as primeiras axitacións e protestas políticas contra o réxime, en parte protagonizadas por persoas que non viviran a experiencia da guerra civil. Salientan dous feitos que marcan o inicio dunha aínda **tímida acción de masas**:

- A *folga xeral* de Barcelona contra o incremento do prezo dos billetes de tranvía (1951).
- A *revolta universitaria* de Madrid (1956), na que se mobilizaron os estudantes para acabar co sindicato oficial, o SEU, e rematou con enfrontamentos coa policía e feridos graves.

En ambos os casos o réxime respondeu coa represión, pero a partir de entón fóronse facendo máis frecuentes os conflitos se ben non acadarían unha verdadeira importancia ata os anos 60.

## **ANOS 60: O DESENVOLVEMENTO DUNHA OPOSICIÓN DE MASAS**

---

Nos anos 60, en estreita relación coas **transformacións sociais provocadas polo "desarrollismo"**, emerxeu unha nova cultura democrática anti-franquista que non tiña xa como referente a guerra civil. Introdúcense libros e publicacións estranxeiros, aparece unha prensa crítica no interior ao abeiro da "Lei de Prensa" de 1966, algunhas minorías comezan a se politizar e, sobre todo, desenvólvese unha importante mobilización social en determinados ámbitos:

- **O movemento estudantil**: iniciado cos sucesos de 1956 foi adquirindo crecente pulo nas universidades, onde se formaron pequenos núcleos de activistas do PCE e o FLP ("felipe"). Na Universidade de Santiago, a mobilización estudantil adquiriu unha especial relevancia en 1968, adiantándose ao desencadeamento do "Maio francés"
- **O mundo laboral**: xurdiu un novo movemento obreiro, integrado na súa maioría por xoves traballadores, que reivindicaban o dereito á folga e a liberdade sindical (entre 1963 e 1975 producíronse máis de 12.000 folgas nas que participaron uns 4 millóns de traballadores). Os sindicatos históricos non lograron reorganizarse, pero apareceron outros novos como a *USO* (*Unión sindical*)

*Obreira*) -promovida por cristiáns críticos- e, con especial forza, *CC.OO.* -impulsado polo PCE a raíz dunha folga na minería asturiana e que vai infiltrarse na estrutura sindical franquista-. En Galicia salientan as folgas xerais do Ferrol -onde morreron, abatidos pola policía, dous traballadores- e Vigo en 1972.

Pero as **Forzas políticas da oposición** seguían a actuar divididas:



- A máis importante, a pesar da forte represión que sufriron os seus membros (execución de Julián Grimau, membro do Comité Central do PCE), continuaba sendo o **Partido Comunista**. Estaba presente na maioría dos movementos sociais e asumía plenamente o pluralismo democrático e a existencia de diferentes vías nacionais para construír o socialismo. Dirixido por Santiago Carrillo foi con moito o grupo máis activo da oposición. Nos anos 60 e 70 apareceron outros grupos comunistas, a nova esquerda, influídos polo maoísmo, o trotskismo e o Maio francés.



- Moi débil e case inactivo neses anos era o **PSOE**. No *Congreso de Suresnes* (1974) os xoves militantes do interior, con *Felipe González* e *Alfonso Guerra* á fronte, faríanse co control do partido e comezarían a preparalo para a inminente transición democrática.

- En canto á chamada **oposición moderada**, era tamén moi feble e estaba moi dividida (demócrata-cristiáns, republicanos, monárquicos liberais... ). A súa principal actuación foi a organización, xunto co PSOE, da **Reunión de Múnic** (1962), en resposta á petición española de ingreso no Mercado Común Europeo. Á reunión -denigrada pola prensa do réxime, que se referiu a ela como o "**Contubernio de Múnic**"- asistiron personalidades do interior e do exilio e nas súas conclusións reclamouse a necesidade de democratizar España.



Na **oposición nacionalista** destaca a aparición de **ETA** (*Euskadi ta Askatasuna*), fundada en 1959 por un grupo de mozos descontentos co PNV. Definíase como "movemento socialista de liberación nacional" e no 1968 cometeu a súa primeira acción armada, a execución do inspector de policía implicado na represión M. Manzanás. Os principais dirixentes de ETA serían condenados a morte no famoso proceso de Burgos de 1970.

En **Galicia**, o *Partido Galeguista* fora desactivado nos anos 50, pasando os galeguistas a centrarse no labor cultural coa creación da **Editorial Galaxia** e a revista *Grial*. Pero en 1963 xurdiron dous novos grupos nacionalistas de orientación esquerdista: o **Partido Socialista Galego** e a **Unión do Pobo Galego**. O *PSG* nacera como partido de orientación socialdemócrata para evolucionar, co cambio de década, cara o socialismo marxista baixo o mandato de *X.M. Beiras*. A *UPG*, orixinariamente unha "fronte" aberta á incorporación doutros grupos, rematou por converterse nun partido comunista.

**Organismos unitarios:** Nos últimos anos do franquismo a oposición adquiriu unha forza e un dinamismo sen precedentes e creou os seus primeiros organismos unitarios: en xullo de 1974, por iniciativa do xefe do PCE Santiago Carrillo, constituíase en París a **Xunta Democrática** e en xuño de 1975 organizábase a **Plataforma de Convergencia Democrática**, liderada polo PSOE. Os contactos entre ambas deron como resultado a formación da **Plataxunta**, que agrupaba a ambos organismos, é dicir, a toda a oposición. Os grupos de oposición defendían a ruptura democrática, isto é, unha transición xestionada pola mesma oposición a través dun Goberno Provisional.

Imaxes : WikiComkons (Dominio Público)